

INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA XERAL 3/2003 SOBRE MATERIAS COMÚNS  
DOS PLANOS DE ESTUDIOS DA ESCOLA POLITÉCNICA SUPERIOR

Os planos de estudio da titulación de Enxeñería Técnica Agrícola nas Especialidades en Explotacións Agropecuarias; en Hortofruticultura e Xardinería; en Industrias Agrarias e Alimentarias; e en Mecanización e Construcións Rurais, impartidas na Escola Politécnica Superior, aprobados por Resolución do 3 de outubro de 2002, establecen o primeiro curso común ás catro titulacións. Neste primeiro curso común algunhas materias compartidas reciben diferente denominación ou tratamento, o que cómpre ter en conta para reflectilo adecuadamente nas actas de cualificacións e nos expedientes dos alumnos.

- A materia *Fundamentos Químicos da Enxeñería*, materia troncal de 12 créditos nas especialidades de Explotacións Agropecuarias e Hortofruticultura e Xardinería, e materia obrigatoria de 12 créditos na especialidade de Mecanización e Construcións Rurais, se corresponde na especialidade de Industrias Agrarias e Alimentarias coa materia *Química Xeral e Orgánica*, tamén de 12 créditos, que é unha parte da materia troncal.
- A materia *Bioloxía* é obrigatoria na especialidade en Mecanización e Construcións Rurais, e troncal nas outras titulacións.

Co obxecto de que nas actas das materias se reflecta esta situación, nelas deberá figurar no apartado da titulación o nome das catro especialidades ás que son comunes; e as citadas materias constarán do seguinte xeito:

- Materia: *Fundamentos Químicos da Enxeñería /Química Xeral e Orgánica*  
Tipo de materia: troncal/obrigatoria
- Materia: *Bioloxía*  
Tipo de materia: troncal/obrigatoria



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As actas serán únicas para cada materia, con independencia dos efectos que produza segundo a titulación ou especialidade a cursar.


Os Servizos Informáticos establecerán os mecanismos específicos para que as mencionadas disciplinas teñan os efectos que se establecen nos diferentes planos de estudos, tanto na denominación como no tipo de materia.

No caso de que os alumnos cambien de titulación ou especialidade, a materia cursada terá os efectos da nova titulación.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 2003



O Secretario Xeral

  
José María Rodríguez-Toubes Muñiz

Sr. Director da Escola Politécnica Superior, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sra. Xefa da Unidade de Xestión Académica Campus de Lugo, Sra. Xefa de Servizo de Xestión de Oferta e Programación Académica, Sr. Director dos Servizos Informáticos